

Valoro como foi a miña participación no proxecto

Nome: Data:

	2 Foime xenial porque...	1,5 Fíxeno ben porque...	1 Custoume un pouco porque...	0,5 Debo mellorar porque...
Na comprensión do proxecto	Coñezo e entendo todos os pasos para conseguir o reto final.	Coñezo os pasos do reto pero non entendín todas as partes.	Coñezo varios dos pasos do reto, non entendín todas as partes.	Non entendín as partes do reto.
No traballo en equipo	Integreime ben no grupo, axudei ás miñas compañeiras e compañeiros. Amosei moita iniciativa e fun parte importante do equipo.	Integreime ben no grupo, axudei ás miñas compañeiras e compañeiros. Fixen poucas propostas, pero apoiei as propostas dos demais.	Tiven dificultades para traballar en equipo. Non colaborei co resto do grupo.	Non aceptei a miña participación no grupo. Rexeitei o traballo.
No traballo individual	Realicei as actividades individuais que correspondían e as rematei sen erros. Esforceime para realízalas sen axuda. Axudei ás miñas compañeiras e compañeiros.	Realicei as actividades individuais que correspondían, tiven éxito e fíxenas correctamente. Esforceime para acabalas sen axuda e entregueinas todas e a tempo.	Non realicei todas as actividades individuais que correspondían, para algunhas necesitei axuda. Entregueinas nos tempos marcados. Máis da metade tiveron puntuacións correctas.	Non realicei todas as actividades individuais que correspondían. Ademais a pesares de ter axuda, os resultados deberían ser mellores.
Nas sesións motrices	Participei activamente e esforceime para acadar as tarefas con éxito. Axudei ás miñas compañeiras e compañeiros.	Participei activamente e esforceime para acadar as tarefas con éxito.	Participei nas tarefas pero non me esforcei o necesario e algunhas saíron mal. Debería implicarme máis.	A pesar de participar en algunhas actividades, frustreime moito e desistín en realizar ou intentar todas as tarefas. Debería esforzarme moito máis.
Na superación do reto	Traballei co meu equipo para superar o reto, tamén axudei a outros equipos. Dinamicei o patio e un xogo co meu grupo.	Colaborei na consecución do reto. Dinamicei o patio co meu grupo.	A miña participación para superar o reto foi baixa, os meus compañeiros e compañeiras tiveron que axudarme moito. Participei na dinamización do patio pero sen axudar na organización.	Non participei na preparación do reto, deixei que as miñas compañeiras e compañeiros fixeran todo o traballo. Debería esforzarme moito máis.
Suma de puntos				